

RESTAURACIÓN DO BALDAQUINO DA NOSA SEÑORA DA FRANQUEIRA



A FRANQUEIRA

15 DE AGOSTO DE 2020

BREVE PERCORRIDO HISTÓRICO


Moito haberá que escudriñar na documentación do antigo mosteiro da Franqueira que se custodia no Arquivo Histórico Nacional. Os pregos que alí se conservan desde a desamortización ofrecen infinidade de datos dos séculos anteriores. Sobre o baldaquino so atopamos, polo de agora, os gastos de 1692. Nese ano vivían no mosteiro 3 monxes. As obras realizadas foron moitas. Desde a feitura en cantería dos arcos do presbiterio, o corredor do mosteiro, a cociña, refectorio e dúas celdas. A reixa de ferro dentro do templo, e mercaron unhas vinaxeiros de prata, casulas e cortinas. Con respecto ao baldaquino da a información da súa existencia anterior, o que lle engadiron foi un corpo superior con madeira de nogueira e di *“labrado con mucho arte”*. Engade que todo foi dourado e pintado *“ con todo primor y de mucho gusto”*. Para o corpo superior que chegaba a altura da bóveda, fíxose unha *“Resurrección... con cuatro ángeles a las esquinas, todo estofado y dorado mui bueno”*

Unha das fotografías máis antigas realizadas por Pacheco conserva a súa posición orixinal, igual que a que reproducimos neste documento de 1956, que o resucitado orixinal non estaba e no seu lugar vemos unha imaxe do Sagrado Corazón.

Xa na fin do Concilio (1965), na marcha penitencial promovida polo Bispo Frei Xosé López Ortíz, o baldaquino xa se trasladara para o emprazamento actual. Conservaba as columnas de soporte, o paso polo seu interior como é costume desde antigo, e a decoración máis orixinal, faltando o piso superior pois o espazo impide que caiba todo.

Será nos anos 80 do século XX cando adquire o que hoxe se conserva. A base de pedra é totalmente feita de novo, sacadas as columnas estípites que estaban no interior, repintado e colocada un cupulín que adorna a parte superior. Segue a conservar o sabor barroco orixinal e que agora recobra un novo valor ao ser profundamente limpo e saneado.

Segundo estudos recentes, na igrexa da Franqueira poido haber dous baldaquinos de pedra nas esquinas onde no seu momento estiveron dous retablos barrocos e actualmente temos as imaxes de San Bieito e San Bernaldo. Consérvanse dúas pezas de pedra que reforzan esta teoría, pois as medidas do que sería un dos elementos decorativos ten as mesmas medidas da marca que existe nas paredes. Un achado que nos fai descubrir a beleza decorativa que tivo na antigüidade este templo dentro da sobriedade e da sinxeleza propia da Orde Cisterciense.



A RESTAURACIÓN

No mes de novembro do 2019 presentouse un informe á Delegación de Patrimonio da Diocese e a Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Solicitouse a limpeza e restauración do baldaquino e da limpeza da imaxe da Virxe da Franqueira. Este labor foi realizado pola restauradora María Victoria Valverde, que sería a responsable da execución da obra. En maio de 2020 chegou a resolución positiva. A obra tivo un orzamento de 4.276,14 € e comezou a realizarse o 20 de xullo deste ano, dando fin o 12 de agosto.

A primeira intervención foi a da limpeza e inspección. A suciedade e humidades fixeron que tivese unha acumulación de po, así como o ataque de insectos (polilla e termita). No seu interior a madeira sufrira bastantes danos. Procedeuse a desinfectar e asegurar a madeira. Os lugares onde se desprendera a decoración procedeuse ao estucado e finalmente a repañer, conforme aos criterios actuais, as partes danadas da pintura e o seu embelecemento e barnizado.



A imaxe da Virxe recibiu unha profunda limpeza, sobre todo onde a pintura dos rostros agretara o estucado. Un labor minucioso e detallista.

Podemos dicir que a obra recuperou o esplendor perdido e hoxe goza dunha fermosura renovada. Colocáronse uns pequenos focos que fan visible a cúpula que antes quedaba oculta.



CURIOSIDADES

Este baldaquino é unha obra barroca que ten numerosas curiosidades. Temos que valorar en primeiro lugar que a nosa diocese non conta con moitos exemplos deste formato. É unha mágoa que os criterios antigos fixeran perder gran parte da súa beleza.

As columnas salomónicas están decoradas con parras de viña, grandes follas e acios de uvas en abundancia decoradas en pan de ouro. Hai polo medio 10 paxaros en diversas posturas que pican nas uvas. Os autores describen esta acción como imaxe da vida dos cristiáns que necesitamos alimentarnos do misterio de Cristo Eucaristía. Os capiteis son moi expresivos.

Na base do baldaquino atopamos o anagrama do Ave María no frontal e no reverso e na parte esquerda e dereita unha coroa de raíña.

O teito do espazo onde se resgarda a imaxe é unha grande flor e a base unhas nubes .

Todo nos fala da fermosura da creación que rodea loa a María.





Benaventurada Nai de Deus, venerada coa secular advocación da Virxe da Fonte da Franqueira.
Acollidos no teu Santuario invocámoste como Nai da Igrexa
e protectora da nosa Diocese de Tui-Vigo.
Ti, acolliches o teu Fillo cun corazón inmaculado,
que o levaches no teu seo e o deches a luz, sendo imaxe da Igrexa, nosa nai.
Ti, recibiches ao pe da cruz o testamento do amor
e adoptaches coma fillos a todos os redimidos coa morte de Cristo.
Ti, uniches na pregaría aos apóstolos na espera do Espírito e es modelo da Igrexa en oración.
Ti, elevada ao ceo, coidas con amor de nai á Igrexa que peregrina nas nosas parroquias.
Ti, avogada nosa, protexe aos pobres e desvalidos, os doentes e desamparados.
Acompaña as nosas familias, Igrexa doméstica, co agarimo da Nai.
Axúdanos a sermos mensaxeiros do Evanxeo do teu Fillo, que vive e reina co Pai,
na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén

Por un camiño de estrelas
para a Franqueira camiña.
Da man dos anxos levados,
Ela nos cobre e nos guía
ata que nos deixa salvos
na porta da súa ermida.

Virxe da Fonte querida,
que achegas tantos romeiros
que veñen a rendir gracias
por favores que tes feito,
eu tamén, miña Naiciña,
agradecido ó teu Neno,
ás túas prantas me postro
i a miña vida che entrego.

Ramón Cabanillas 1927

